

RESOLUCIÓN DE 14 DE FEBREIRO DE 2025 DO XERENTE DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, M.P., (EN DIANTE, FUNDACIÓN USC), POLA QUE SE DISPÓN A PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA OU CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN E CON CARÁCTER URXENTE.

A Fundación USC é unha entidade de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A Fundación USC, é un medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela (no sucesivo, USC), que ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC. Entre os fins propios da Fundación USC están: «prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade», «colaborar coa USC no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria», «promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural», así como «fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións», segundo prevé o artigo 6 do Título II, «obxecto da Fundación», dos seus Estatutos.

A Fundación USC, a través dun encargo de xestión formalizado con data 27 de febreiro de 2023, realiza a prestación da actividade instrumental de proxección institucional e imaxe da USC. Dito encargo realízase ao abeiro do disposto no artigo 32 da LCSP e demais normas concordantes, xustificado por razóns de eficiencia e eficacia, así como rendibilidade económica.

Motivado polas necesidades organizativas deste servizo, funcións e atención á comunidade universitaria, así como por ausencias debido a incapacidades temporais ou substitucións de permisos a entidade precisa a contratación temporal con carácter de urxencia dunha persoa e a creación dunha listaxe de agarda resultante deste proceso para futuras contratacións temporais, tanto motivadas pola substitución dun traballador/a como de circunstancias da produción. A entidade non dispón dunha lista de agarda na actualidade para a cobertura dun posto coa categoría de guía de turismo. Debido ao carácter de urxencia para dar cobertura ao poso mencionado e continuar coa prestación do servizo de visitas guiadas sen que afecte á actividade tanto na atención como na calidade do mesmo, solcitaranse as candidaturas directamente ao Servizo Público de Emprego de Galicia, posto que se garantirá un proceso máis áxil e rápido.

O Xerente da Fundación USC, en virtude da delegación de funcións efectuada polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria de 22 de xuño de 2021, ten atribuída a función de “efectuar convocatorias para as contratacións temporais e para a elaboración das listas de agarda”.

O Xerente da Fundación USC, facendo uso das súas atribucións delegadas referida no apartado anterior, acordou con data de 14 de febreiro de 2025 convocar proceso selectivo, e aprobar as súas bases reguladoras, para a contratación temporal por substitución de persoa traballadora ou por incremento da produción.

Disponse pola presente resolución a publicación no portal de emprego da Fundación USC da convocatoria e as bases reguladoras para contratacións temporais.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na páxina web da Fundación USC (www.fundacionusc.gal), na sección de emprego.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Óscar Hermida Otero
Xerente da Fundación USC, M.P.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS (PS_07_0002_2025)

1. Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso selectivo para a formación dunha lista de agarda para contratacións temporais como guía de turismo, mediante contrato laboral temporal, por substitucións de persoas traballadoras ou por circunstancias da produción.

2. Principios.

A resolución da Xerencia da Fundación USC polo que se aproba a convocatoria e as presentes bases reguladoras, así como os actos derivados do proceso selectivo, serán obxecto de publicación na sección de emprego da páxina web da Fundación USC (<https://www.fundacionusc.gal/gl/fundacion/e-xestions/emprego>), debendo o devandito proceso selectivo garantir o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade e os demais principios previstos nos artigos 55 e 61 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e nos artigos 49 e 55 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais artigos concordantes que resulten aplicables.

Motivado pola urxencia do proceso selectivo as candidaturas solicitaranse directamente ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Prazas convocadas e vínculo laboral.

No anexo I, reflíctense as características da lista de agarda: denominación, requisitos específicos dos aspirantes, tipo de contrato e réxime xurídico, duración e funcións.

4. Requisitos xerais das persoas aspirantes.

Os/as aspirantes á lista de agarda deben reunir os seguintes requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 20 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións do posto de traballo ao que se aspira.
- d) Non ter sido separado ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso dos nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Estar en posesión da titulación esixida de acordo co Anexo I.

Estes requisitos deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse no momento da formalización do contrato.

5. Requisitos específicos.

Os/as aspirantes deberá reunir os requisitos específicos que se sinalan no anexo I. Estes requisitos deberán cumprirse tanto na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes como no momento da formalización do contrato.

6. Solicitudes e prazo de presentación.

6.1. As candidaturas serán remitidas polo **Servizo Público de Emprego de Galicia** a través do seguinte enderezo electrónico: xestion.persoal@fundacionusc.gal

6.2. As candidaturas deberán cumprir os requisitos que se sinalan no anexo I.

6.3. Aqueles/as candidatos/as interesados/as deberán dirixirse ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

6.4. A entidade poderá requirir ás persoas aspirantes en calquera momento do proceso de selección documentación complementaria e/ou acreditativa. Toda a documentación solicitada será enviada ao enderezo electrónico sinalado no punto 6.1.

Durante o desenvolvemento do proceso, a comisión de valoración poderá realizar calquera comunicación aos/ás candidatos/as por escrito ou telefonicamente, con base nos datos persoais indicados na solicitude. Para tales efectos, as persoas interesadas comprométense a manter actualizados os devanditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmos.

A Fundación USC resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da información/documentación xustificativa dos requisitos para concorrer ao proceso selectivo, e dos méritos alegados, podéndolle requirir aos/ás candidatos/as en calquera momento do proceso, e en todo caso aos/ás que resulten seleccionados/as con carácter previo á formalización do contrato segundo o sinalado na base 11, a documentación orixinal ou copia compulsada da presentada para o seu cotexo.

A Fundación USC garantirá a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatos/as; así mesmo, garantirá a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no que resulten de aplicación.

7. Admisión e chamamento dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas será publicada no portal de emprego da páxina web da Fundación (www.fundacionusc.gal) a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

As persoas interesadas disporán de tres (3) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación provisoria, para corrixir o defecto que motivara a exclusión ou omisión da relación de admitidos. En todo caso, ao obxecto de evitar erros e posibilitar a súa corrección

en tempo e forma, as/os aspirantes comprobarán que non figuran recollidos na relación de excluídos e, ademais, que os seus nomes constan na correspondente relación de admitidos. As persoas solicitantes que dentro do prazo non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas/os na relación de admitidos, serán definitivamente excluídas/os.

Transcorrido o prazo para emendar a exclusión ou omisión farase pública a relación definitiva de candidatas/os admitidas/os na páxina web da Fundación (www.fundacionusc.gal).

Efectuada a emenda, non se poderán modificar os contidos da solicitude, agás os referentes a datos que se orixinaran por mor de cambio de domicilio ou de número de teléfono.

8. Comisión de valoración.

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros e comezará a desenvolver o seu traballo cando a listaxe de admitidos sexa definitiva:

Presidente:

- Óscar Hermida Otero.

Vogais:

- Olga Guitérrez Méndez

Secretaria:

- Josefa Casal Martínez

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, designaranse ao/s suplente/s.

Os membros da comisión de valoración deberán absterse de intervir, notificándoo ao presidente da mesma, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran as devanditas circunstancias, a tenor do establecido no artigo 24 da mesma lei.

A comisión de valoración terá como funcións as de coordinar, executar e valorar o proceso de selección de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, transparencia e obxectividade. A comisión actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto, tendo en conta a súa consideración de especial responsabilidade e confianza. Así mesmo, a comisión será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación que poidan xurdir na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do proceso selectivo. De ser o caso, a comisión poderá ser auxiliada e nomear a cantos/as asesores/as e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso, que actuarán con voz pero sen voto para o auxilio á comisión na súa labor.

9. Procedemento de selección.

O procedemento de selección será o concurso de valoración méritos, ao abeiro do disposto no artigo 57.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Fase 1. Valoración de méritos (50 puntos)

Esta fase será cualificada de 0 a 50 puntos desagregados como se especifica a continuación:

Titulación académica: máximo 5 puntos.

- Valorarase as titulacións académicas relacionados coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional relacionada co contido da praza: máximo 20 puntos.

- Valorarase a experiencia demostrable en postos de traballo con funcións similares ás do posto ofertado.

Formación complementaria: máximo 5 puntos.

- Valorarase a formación relacionada co posto ofertado.
- Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

Coñecemento da lingua galega: máximo 5 puntos.

Coñecemento doutras linguas: máximo 5 puntos.

Outros méritos: máximo 10 puntos.

- Outros méritos relacionados co posto ofertado.

Fase 2. Entrevista (25 puntos)

Esta fase será cualificada de 0 a 25 puntos.

A Comisión de Valoración publicará os criterios de valoración da entrevista con carácter previo á súa realización. Versará sobre os aspectos da traxectoria profesional e os coñecementos que posúe a persoa aspirante e con aquelas competencias necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo obxecto desta convocatoria.

A entrevista terá unha duración máxima de 20 minutos.

A falta de presentación das persoas candidatas no día e hora establecida para a realización da entrevista, ou o abandono no transcurso da mesma, implicará a súa exclusión automática e definitiva do proceso de selección – agás por causa de forza maior debidamente xustificada, que será libremente apreciada pola comisión de valoración –, sen que se xere dereito algún ao seu favor.

As persoas candidatas deberán presentarse provistos do DNI, ou documento acreditativo da súa identidade, en vigor. No suposto de atoparse en situación de renovación deses documentos, os aspirantes deberán aportar acreditación de estar en proceso da súa renovación.

Para a realización da entrevista, a comisión de valoración poderá ser asistida, de ser o caso, polos asesores que se estime oportuno nomear.

O resultado final do proceso estará determinado pola suma das dúas fases.

10. Cualificación e lista de persoas seleccionadas.

Finalizada a proba sinalada na base anterior, publicarase no apartado de emprego da paxina web da Fundación USC a resolución, debidamente motivada, coa relación dos/as candidatos/as que superaron a mesma, coas puntuacións acadadas en cada unha das fases.

A resolución poderá ser obxecto de reclamación polas persoas aspirantes perante a comisión de valoración no prazo máximo de tres (3) días naturais, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web, a través dos mesmos medios sinalados para a presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, sen terse presentado reclamacións ou resoltas as presentadas, ditarase pola comisión de valoración resolución definitiva coa relación dos/as candidatos que superaron o proceso selectivo coas puntuacións finais, resultado da suma das obtidas nas fases 1 e 2. A resolución definitiva abranguerá a relación dos/as candidatos por orde de puntuación final, para o posto ofertado. En caso de empate, dirimirase de acordo cos seguintes criterios: en primeiro lugar, prevalecerá quen obtivera maior puntuación na fase 1. En segundo lugar, de persistir o empate, prevalecerá quen obtivera maior puntuación na fase 2. Por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

A lista de agarda derivada deste proceso estará vixente mentres non sexa substituída por outra específica ou se inclúa nunha lista xeral para listas de agarda.

A entrada en vigor da lista de agarda será ao día seguinte da súa publicación definitiva.

As persoas que sexa chamadas para a súa incorporación, con carácter previo á formalización do contrato, deberán achegar os documentos acreditativos que non foran entregados durante o proceso de selección.

11. FORMACIÓN E REGULAMENTO DA LISTAXE DE ESPERA

Acórdase regular os chamamentos cos seguintes criterios:

1. Recibida solicitude escrita por parte da xefatura de servizo ou no seu defecto por parte dos coordinadores e unha vez autorizada a mesma pola Xerencia da Fundación, o procedemento para o chamamento consistirá en realizar a proposta á persoa que lle corresponda.
2. A oferta de incorporación realizarase do seguinte xeito:
 - a) Procedemento ordinario:
 - i. Telefonicamente ou correo electrónico: o primeiro contacto farase mediante chamada telefónica ou correo electrónico, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto.
 - ii. Cando non sexa posible efectuar o contacto por calquera dos medios anteriormente citados remitirase carta certificada con acuse de recibo.
 - b) Recibido o resgardo de aviso, sen ter resposta, procederase a chamar ao/a seguinte aspirante.

Efectuado o chamamento o candidato/a terá un prazo de 48 horas para comunicar a súa aceptación ou renuncia. Transcorrido o prazo sen comunicación por parte do aspirante realizarase chamamento ao seguinte da listaxe.

Procedemento de urxencia: utilizarase para cubrir aqueles postos que por circunstancias especiais non sexan susceptibles da espera necesaria prevista para o procedemento ordinario.

O medio utilizado será: chamada telefónica, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto, procedéndose no mesmo día a contactar coa seguinte persoa aspirante se non se tivera resposta do/a anterior.

Nos supostos de chamada telefónica a xerencia ou responsable da área fará constar mediante dilixencia a realización das mesmas e se tiveron ou non resposta.

Os/As candidatos/as aos/ás que se lles realice un chamamento e renunciem sen causa xustificada pasarán para o final da listaxe de espera. Cando se efectúe o terceiro chamamento e sen causa xustificativa renunciem á incorporación, causarán baixa na listaxe tal e como recolle o punto 1 do procedemento para regular as causas de baixa da mesma.

O procedemento para regular as causas de baixa na listaxe e as causas xustificadas de permanencia terá os seguintes criterios:

1. Causas de baixa na listaxe:

- a) Renuncia á incorporación sen causa xustificativa cando se efectúe o terceiro chamamento pola Fundación USC e sexa rexeitado.
- b) A non comparecencia ao acto de sinatura do contrato ou da incorporación na data indicada sen causa xustificada e despois de ter aceptado o chamamento.
- c) Petición de baixa voluntaria na entidade durante o período no que o integrante da lista estivese contratado/a ou en calquera outro período de forma voluntaria e sen causa xustificada e motivada.
- d) A non superación do período de proba.

2. Causas xustificables de permanencia na lista:

Coa finalidade de garantir a permanencia na lista daquelas persoas que se atopen en determinadas situacións, admitirase a renuncia ao chamamento sempre que se xustifique de forma suficiente, nos seguintes supostos:

- a) Enfermidade, embarazo, maternidade, paternidade ou adopción legal ou enfermidade grave dun familiar directo.
- b) Exercicio de representación sindical ou designación para cargo público.
- c) Permisos ou licencias por matrimonio.
- d) Permisos ou licencias por falecemento de familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade
- e) Conciliación familiar por coidade de menores ou coidado directo de maiores dependentes.
- f) Ter contrato en vigor.

Os/as aspirantes afectados por estes supostos quedarán suspendidos temporalmente da lista. Cando as causas que motivaron a renuncia teñan remitido, o/a interesado deberá comunicalo por escrito á Xerencia da Fundación USC para ser incluído novamente no posto que estaba.

Os/as aspirantes poden por iniciativa propia solicitar a suspensión dos chamamentos comunicándoo a Fundación.

En calquera caso, se non se presentan solicitudes, se ningunha das rexistradas cumpre os requisitos esixidos ou se se considera que ningún/ha dos/as candidatos/as resulta idóneo/a para o/s posto/s, a convocatoria poderá declararse deserta.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O Xerente da Fundación USC
Óscar Hermida Otero

– Anexo I –

Denominación da lista	Lista de agarda para a contratación temporal por substitución de persoa traballadora ou por circunstancias da produción para o posto de guía de turismo.
Núm. de postos convocados:	Lista de agarda.
Requisitos específicos:	<ul style="list-style-type: none"> - Estar en posesión da Educación Secundaria Obrigatoria. - Experiencia mínima de 6 meses en postos de traballo de natureza equivalente. - Coñecemento de galego e castelán, oral e escrito, e nivel B2 de inglés.
Tipo de contrato e réxime xurídico:	Contrato laboral regulado polo Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), convenio colectivo aplicable e demais normas concordantes.
Xornada de traballo	De luns a domingo en xornada partida (cos descansos obrigatorios indicados en convenio colectivo).
Lugar de traballo	Santiago de Compostela.
Duración:	Temporal
Funcións:	<p>Baixo a dependencia directa da directora de área de proxección institucional e imaxe da Fundación USC, terá como funcións propias as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Realizar visitas guiadas ao patrimonio da USC 2. Informar ás persoas interesadas sobre o programa de visitas guiadas. 3. Recepcionar as reservas de visitas por distintas canles (mail, teléfono, web, etc.) 4. Elaborar e actualizar contidos para distintos soportes 5. Seguimento da actividade e recollida de datos para estatísticas 6. Coordinación da actividade baixo a dirección da persoa responsable do programa.